

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáselle traslado do literal do Decreto 21/2017 de data 23/01/2017 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello na súa condición de membro de dito órgano.

EXPEDIENTE Nº 2017/G010/000001

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO DE PLENO DE XOVES 26 de xaneiro de 2017

"Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 26/01/2016**
EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000027

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola Secretaria municipal o día 23/01/2016, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, RESOLVO:

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo xoves 26/01/2017 ás 12:00 horas en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE 29.12.2016.

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2017.ACORDOS QUE PROCEDAN.

3.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA". ACORDOS QUE PROCEDAN.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

5.- **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL-ASEMBLEAS ABERTAS, RELATIVA Á IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS TITULARES DE INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU HIDROCARBUROS.**

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

7.- **ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA**

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como ao Secretario Accidental e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).

